

MEMORIA XUSTIFICATIVA DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E IGUALDADE E A ASOCIACIÓN DE PERSOAS CON DISCAPACIDADE DE OURENSE (ADO) PARA A EXECUCIÓN DUN PROXECTO DE REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES DE APRENDIZAXE E INCLUSIÓN SOCIOLABORAL 2026

A Comunidade Autónoma de Galicia, segundo o establecido no artigo 27.23 do Estatuto de Autonomía de Galicia, en consonancia coa habilitación competencial outorgada ás Comunidades Autónomas polo artigo 148.1.20 da Constitución Española, ten competencia exclusiva en materia de asistencia social, polo que, na súa virtude se aprobou a Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia.

A Consellería de Política Social e Igualdade é o departamento da administración autonómica ao que lle corresponden as competencias en materia de servizos sociais, e consecuentemente a atención do colectivo de persoas con discapacidade, conforme ao Decreto 139/2024, do 20 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Política Social e Igualdade.

O artigo 17. 5 do Real Decreto Lexislativo 1/2013, de 29 de novembro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Xeral de dereitos das persoas con discapacidade e da súa inclusión social, establece que a formación, readaptación ou recualificación profesional que poderá comprender no seu caso, unha preformación xeral básica, promoverá a adquisición de experiencia laboral no mercado de traballo. Así mesmo no seu artigo 37.1 recolle que as administracións públicas competentes fomentarán as súas oportunidades de emprego e promoción profesional no mercado laboral, e promoverán os apoios necesarios para a procura, obtención, mantemento do emprego e retorno ao mesmo.

A Asociación de persoas con discapacidade de Ourense (ADO), figura inscrita no Rexistro Único de Entidades Prestadoras de Servizos Sociais (RUEPSS), cos seguintes datos:

- Asociación de Persoas con Discapacidade de Ourense N^o RUEPSS: E5525

ADO é unha entidade sen ánimo de lucro, que ten entre as súas actividades:

- a) Garantir o acceso ao traballo integrado dos usuarios en empresas normalizadas en condicións, tanto en dereitos como en deberes, o mais similares as dos seus compañeiros de traballo.
- b) Garantir a adaptación ao posto do traballo mediante a figura dun preparador laboral.
- c) Apoiar ao longo da vida laboral da persoa con discapacidade en función das





súas necesidades.

O obxecto do presente convenio é establecer o marco da colaboración entre as partes asinantes para o desenvolvemento dun proxecto consistente na realización de actividades de aprendizaxe e integración social e laboral de persoas con discapacidade intelectual. A execución do proxecto consistirá na realización de prácticas formativas nos centros pertencentes á Consellería de Política Social e Igualdade na provincia de Ourense.

Trátase dun programa formativo que pretende dotar ás persoas participantes no mesmo das competencias (coñecementos, habilidades e actitudes) e aptitudes necesarias para facilitar e mellorar a súa futura integración na sociedade e no mercado laboral, aprendendo e poñendo en práctica técnicas e ferramentas útiles para o desempeño profesional eficaz.

As prácticas realizaranse durante o tempo de vixencia deste convenio e ata o seu remate. A incorporación das persoas participantes poderá ser paulatina ao longo da duración do convenio. E no caso de que algunha das persoas participantes non poida continuar ou abandone as prácticas poderá ser substituída por outra persoa que formará parte da lista de suplentes polo tempo restante ata o remate do convenio.

As prácticas terán unha duración máxima de 20 horas semanais durante o tempo en que as persoas participantes as realicen. En todo caso, a duración da práctica será acorde coas capacidades da persoa que a realice, podendo ser inferior á duración máxima indicada.

A presenza das persoas que realicen as prácticas non afectará en ningún caso ao normal funcionamento dos servizos.

Así mesmo, as actuacións obxecto deste convenio, en tanto que se trata de persoas con discapacidade, e as específicas necesidades inherentes ao colectivo ao que van dirixidas, considéranse razóns que acreditan o seu interese social.

Asinado dixitalmente en Santiago de Compostela

A directora xeral de Persoas con Discapacidade

